




Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/26899/2021 30/11/2021

Área / Unidad GESTION DE DEPORTES DJ1000	Documento 21115I05O3	
Código de verificación  374J 4P53 0K1H 171C 0LK6	Expediente 211/2021/806	
	Fecha 30-11-2021	

DECRETO

En exercicio das competencias delegadas pola Xunta de Goberno Local en sesión do 28/06/2019 (BOP núm. 124 de 03-07-2019), consonte co informe proposta da xefa do departamento de Deportes e conforme do xefe do servizo de Deportes, de data 30.11.2021,

RESOLVO:

Único. Aprobar as das bases da convocatoria das prazas adxudicadas ao Concello da Coruña na CAMPAÑA DE NEVE 2022 da Deputación da Coruña; as cales se achegan como anexo.

A Coruña, na data da sinatura deste documento.

A Concelleira Delegada de Deportes (P.D.: JGL de 28/06/2019)

Mónica Martínez Lema



BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DA "CAMPAÑA DE NEVE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA O ANO 2022 DIRIXIDA ÁS PERSOAS EMPADROADAS NO CONCELLO DA CORUÑA"

I. OBXECTO

Estas bases teñen por obxecto regular a convocatoria pública para a participación na Campaña de Neve do ano 2022 na estación Valgrande-Pajares (Asturias) que convoca todos os anos a Deputación da Coruña a través dos concellos interesados; neste caso concreto, a través do Concello da Coruña.

II. PROGRAMA

Os participantes neste programa desfrutarán de 4 días con aloxamento e manutención, nun albergue a pé de pista, e contarán con cursos de esquí e actividades complementarias na estación invernal de Valgrande-Pajares (Asturias).

A campaña dará comezo a terceira fin de semana de xaneiro e desenvolverase ao longo de seis quendas, segundo a distribución xeográfica. A entrada dos rapaces e rapazas na estación será o venres antes do xantar e a saída o luns despois do xantar.

A quenda dos nenos empadroados no Concello da Coruña que resulten beneficiarios será do 04/02/2022 ao 07/02/2022.

A Deputación responsabilízase da maior parte dos gastos ocasionados polos cursos: transporte de todos os participantes, dende o punto de recollida en cabeceiras de comarca, estancia, manutención, monitores, clases de esquí, seguros, alugamento e material, remontes mecánicos na estación e actividades varias.

As persoas participantes que resulten beneficiarias deberán aboar unha cota de inscrición e cumprir con todas as condicións impostas pola Deputación, de xeito especial coas publicadas na páxina web www.dacoruna.gal/deportes/actividades.

III. NÚMERO DE PRAZAS

O número de prazas que convoca o Concello da Coruña é de **49 (corenta e nove)**.

IV. DESTINATARIOS

Rapazas e rapaces empadroadas/os na cidade da Coruña con idades comprendidas entre os 12 e os 15 anos inclusive (cumpridos a 31 de decembro de 2021).

V. COTA DE INSCRICIÓN:

A cota de inscrición será de **OITENTA E CINCO EUROS (85,00 €)**, que deberán ser ingresados no número de conta da Deputación da Coruña que se comunicará no momento de adxudicar as prazas. No suposto de que non se dispoña do número de conta na data de matrícula, formalizarase a mesma e, posteriormente, enviaráselle un correo electrónico para que realice o pago no prazo que se lle indique, coa advertencia que, de non facelo, entenderase que renuncia á praza e adxudicase a mesma seguindo a listaxe de agarda.

VI. SOLICITUDES DE PREINSCRICIÓN



As persoas interesadas deberán presentar unha solicitude de preinscrición na páxina web de Deportes do Concello da Coruña (www.coruna.gal/deportes) .

O prazo para presentar as solicitudes de preinscrición comeza o **30 de novembro e remata o día 14 de decembro de 2021, ás 14:00 horas.**

Para as solicitudes de preinscrición non é necesario presentar ningún tipo de documento nin ficha, só cubrir os datos na páxina web.

En todo caso, debe constar un número de teléfono de contacto do pai, nai ou titor do menor e mais un enderezo de correo electrónico.

No caso de que se presenten mais solicitudes que prazas, procederase a asignar a orde de adjudicación da seguinte forma:

1. **Criterio de preferencia:** en primeiro lugar terán preferencia as persoas empadroadas no Concello da Coruña **que non participasen en ningunha campaña de neve da Deputación da Coruña.**
2. De existir máis solicitudes que prazas, realizarase **un sorteo público**, segundo se describe nas cláusulas seguintes.

VII. LISTAXE PROVISIONAL

A listaxe provisional de solicitantes publicárase o día **15 de decembro de 2021.**

Posteriormente, abrírase un período de emenda de erros que remata o día 16 de decembro de 2021. As alegacións presentarase no seguinte enderezo electrónico deportes@coruna.gal.

VIII. SORTEO PÚBLICO

Nos supostos de que despois de aplicar os criterios de preferencia aínda existan máis solicitudes que prazas vacantes, realizarase un sorteo público no Servizo de Deportes, o día **17 de decembro de 2019 ás 9:00 horas**, segundo o procedemento que a continuación se describe:

As listaxes disporanse en orde alfabética. Para estes efectos aclárase que as preposicións e calquera partícula en xeral que acompañen a un apelido non forman parte del, de acordo co disposto no artigo 49.2 in fine e 53 da Lei 20/2011, do 21 de xuño do Rexistro Civil (BOE do 22 de xullo de 2011).

Para establecer a orde de adjudicación sacáranse 4 letras, que se farán corresponder coas dúas primeiras letras do primeiro e segundo apelido, respectivamente. A partir da determinación da primeira persoa chamada, os seguintes faranse seguindo a dita orde alfabética. As letras serán quitadas empregando a páxina web <https://echaloasuerte.com/draw/new/letter/> ou a través do procedemento de insaculación.

IX. PUBLICACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA

A listaxe definitiva publicárase o día **20 de decembro de 2021** a partir das 14:00h.

Todos os solicitantes que non obtivesen praza pasarán a formar parte da listaxe de agarda.



X. MATRÍCULA E FORMALIZACIÓN DAS INSCRICIÓN

Do 21 ao 26 de decembro de 2021 a través do correo electrónico deportes@coruna.gal deberase formalizar a matrícula, segundo as normas e documentación solicitada pola Deputación da Coruña. En caso de non presentar a matrícula entenderase que se renuncia á praza, e adxudicaranse as prazas vacantes seguindo a listaxe de agarda.

Para inscribirse será necesario:

1. Ficha de inscrición da Deputación da Coruña.
2. Foto de carné.
3. Fotocopia do documento de asistencia sanitaria.
4. Fotocopia do libro de familia ou carné de identidade.
5. Xustificante de pago da cota (unha vez adxudicadas as prazas, informarase da conta onde se realizará o ingreso, no que se fará constar "CAMPAÑA DE NEVE 2022 - DEPUTACIÓN DA CORUÑA" - CONCELLO DA CORUÑA e NOME da nena/o).
6. No caso de tratamento específico ou doenza que sexa necesario ter en conta, xustificante médico asinado polo facultativo pertinente. Importante facer constar as alerxias alimenticias ou de calquera outro tipo.

XI. OUTRAS DISPOSICIÓNS

Non se permite a cesión a terceiras persoas da praza asignada.

As listaxes de solicitantes dos cursos ofertados, listaxes definitivas e demais documentación, información ou notificación referida a esta convocatoria publicarase na páxina web municipal, nos taboleiros de anuncios das instalacións deportivas municipais e no teléfono de información cidadá 010.